# XXI MARATÓN FOTOGRÁFICO CONCELLO DE VIGO



Do 2 de febreiro
ao 12 de marzo de 2017
..........

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO

Case
**100**
amantes
da fotografía

Os días 10 e 11 de decembro, nun soleado fin de semana, e ao longo de 24 horas, case cen amantes da fotografía participaron neste concurso en formato maratón que xa supera as vinte edicións.

**4**
temas
fotográficos

**RES PLAN DOR** TEMA1

**CONS TRU INDO** TEMA2

**CLAN DES TINO** TEMA3

**O CO** TEMA4

Catro temas: Resplandor, Construíndo, Clandestino e Oco son a inspiración.

**1**
cidade:
Vigo

Os catro temas son a inspiración, o motivo que leva a fotografar as rúas, recunchos, paisaxes e xentes da **nosa cidade**, a procura da luz axeitada, do intre preciso e capturalo para sempre.

Logo ven o momento da reflexión, de seleccionar a mellor das imaxes de cada tema, de procesar e axustar no ordenador, e o fin tras 24 horas entregar as fotos á organización.

Inda que hai outros momentos que cada ano se repiten, os reencontros entre participantes, o momento de coñecer compañeiros de afección, as charlas sobre técnicas ou temas, o compartir e gozar xuntos da fotografía.

**25**
seleccionados

Vintecinco participantes foron os seleccionados e moitos menos son os premiados, pero todos teñen o seu espazo nesta exposición, todos forman parte do Maratón e sen eles sería imposible facelo, non tería sentido sen todos e cada un.



Autor: Nicolás Patiño Alonso


RES
PLAN
DOR
TEMA1
Autor: Zacarías Abad Torres


CONS
TRU
INDO
TEMA2
Autor: Marcos Canosa Maya


CLAN
DES
TINO
TEMA3
COCKTAILS
Autor: Javier Iglesias González


O
CO
TEMA4
Autor: Alfonso Fernández Pousada

# XXI MARATÓN FOTOGRÁFICO CONCELLO DE VIGO

Dende a Agrupación Fotográfica Galega queremos agradecervos, como sempre, o voso interese e o ánimo que ano tras ano recibimos para continuar e mellorar.

E como sempre grazas ao Concello de Vigo e a todos os patrocinadores.


Autor: Roberto Alarcón López

## Casa das Artes

Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo

## Do 2 de febreiro ao 12 de marzo de 2017

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h
Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h
Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h

COLABORAN:

DINAMO coworking · labográfico · Dra. Susana Santeiro CLINICA DENTAL · verde impresiones con sentido · GADIS

Dep. Legal: VG 65-2017

AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

REDE DE MUSEOS CONCELLO DE VIGO Casa das Artes

CONCELLO DE VIGO